



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## **ACTA 3º DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DUNHA PERSOA DESEMPREGADA PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A, AO ABEIRO DO PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO, 2026 (EXP. 2026/E001/000002)**

En Ponteceso, sendo ás 11:30 horas do día **22 de xuño de 2026** no salón de Plenos da Casa do Concello, comparecen os membros do tribunal que xulga o proceso selectivo para a selección e contratación dunha persoa desempregada para cubrir 1 posto de auxiliar administrativo/a, persoal laboral temporal, ao abeiro do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, 2026.

Constitúese o tribunal nesta data e hora asistindo os titulares do mesmo:

**Presidente:** Dº Rubén Pérez Cotelo, coordinador de Seguridade, Emerxencias, Protección Civil e do GES de Ponteceso.

### **Vogais:**

1º: Dº. Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso

2º Dª Mª Isabel Amado Rodríguez, persoal do GES de Ponteceso

3º Dº Carlos Andrade Castro, funcionario, policía local de Ponteceso.

**Secretaria:** Dª. María José Sueiro Pose, funcionaria, auxiliar administrativa do Concello de Ponteceso.

Publicada a puntuación acadada por cada un dos aspirantes no primeiro exercicio (cuestionario tipo test), presentáronse alegacións, as cales foron tratadas na reunión do tribunal celebrada o día 19-06-2026. Analizadas as mesmas o tribunal acordou estimar as alegacións relativas ás preguntas 27 e 28 e procedeuse á súa anulación, substituíndose polas reservas números 1 e 2, o que levou a unha nova corrección dos exercicios dos aspirantes, outorgando a nova puntuación, publicándose a acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, co seguinte resultado:

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>CUALIFICACIÓN 1º EXERCICIO</b>
COTON CASTROMIL, DOLORES	***6836**	18
FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	19
FERNANDEZ PREGO, CARLOS EULOGIO	***4924**	11
PET MARTINEZ, ALBERTO MANUEL	***1641**	19,5
VECINO CARABEL, MAICA	***3728**	11
VIDAL SUAREZ, ENMA SOFIA	***2693**	12



CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Sendo as **12:10 horas** realízase o chamamento aos aspirantes que superaron o 1º exercicio e concorren os seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADOS
1	COTON CASTROMIL, DOLORES	***6836**	SI
2	FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	SI
3	FERNANDEZ PREGO, CARLOS EULOGIO	***4924**	NON
4	PET MARTINEZ, ALBERTO MANUEL	***1641**	SI
5	VECINO CARABEL, MAICA	***3728**	SI
6	VIDAL SUAREZ, ENMA SOFIA	***2693**	NON

O tribunal, no día de hoxe, procedeu á elección do contido da proba práctica deste 2º exercicio, determinando que a mesma consista na elaboración dunha notificación administrativa, sobre unha resolución de Alcaldía, de nomeamento de secretaria accidental.

O tribunal acorda que os criterios de puntuación deste 2º exercicio sexan os seguintes:

Elemento a valorar	Puntuación máxima
Identificación da persoa destinataria do documento	1,00 punto
Título do documento e fórmula inicial da notificación	1,00 puntos
Transcrición íntegra da resolución	1,00 puntos
Pé de recurso	6,00 puntos
Identificación da persoa e do cargo que asina o documento	1,00 punto

A puntuación mínima que deberán acadar os aspirantes será de 5 puntos, dispoñendo de 30 minutos para desenvolver a proba, comezando ás 12:15 horas e rematando ás 12.45 horas.

Rematada a proba, o tribunal procede á súa corrección, sendo a puntuación outorgada e acadada polos/as aspirantes a seguinte:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACION 2º EXERCICIO
1	COTON CASTROMIL, DOLORES	***6836**	NON APTA
2	FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	10
3	PET MARTINEZ, ALBERTO MANUEL	***1641**	10
4	VECINO CARABEL, MAICA	***3728**	NON APTA



CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

As aspirantes DOLORES COTON CASTROMIL e MAICA VECINO CARABEL quedan excluídas do procedemento selectivo ao non acadar a puntuación mínima esixida para superar este exercicio, constando coa cualificación de NON APTA.

Rematada a fase de oposición, as puntuacións totais acadadas polos aspirantes son as seguintes:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 20 pts.	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proba práctica) 10 pts	CUALIFICACIÓN FINAL 30 pts
1	PET MARTINEZ, ALBERTO MANUEL	***1641**	19,5	10	29,5
2	FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	19	10	29

Á vista do resultado das probas selectivas, o Tribunal acorda, por unanimidade, o seguinte:

**Primeiro:** Declarar aprobado ao aspirante que acadou a maior puntuación, que resulta ser **ALBERTO MANUEL PET MARTINEZ**, con DNI **\*\*\*1641\*\***, para a cobertura de 1 praza de auxiliar administrativo, persoal laboral temporal, grupo profesional V, grupo 10 de cotización á Seguridade Social, ao abeiro do Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo.

**Segundo:** Elevar á Alcaldía a proposta de formación de **LISTA DE RESERVA** de auxiliares administrativos, persoal laboral temporal, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, consonte á base 14ª, formada polas persoas aspirantes que tendo superado o proceso selectivo non obtiveron praza, pola orde de puntuación obtida:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	FACAL FUENTES, DESIREE	***3714**	29

**Terceiro:** Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal para xeral coñecemento.

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 13:25 horas do día 22 de xuño de 2026, redactándose a presente acta, que asinan electronicamente todos os membros do tribunal, do que eu, secretaria, dou fe.

Polo tribunal,



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@pontevedra.gal](mailto:concello@pontevedra.gal)  
[www.pontevedra.gal](http://www.pontevedra.gal)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

O presidente:

A secretaria:

Rubén Pérez Cotelo

M<sup>a</sup> José Sueiro Pose

Os vogais:

Alejandro Rodríguez Cruz

M<sup>a</sup> Isabel Amado Rodríguez Carlos Andrade Castro